



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE TEO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E CONSOLIDACIÓN DA PONTE DE RÚA DE FRANCOS, CALO, TEO (A CORUÑA).

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou co concello de Teo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de xullo de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o concello de Teo para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de reparación e consolidación da ponte da rúa de Francos, Calo, Teo (A Coruña).

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Nos principios aos que se axustan as relacións entre as administracións públicas galegas, establecidos na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como no disposto na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que encomenda aos concellos a obriga de protexer, defender, realizar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural que radique no seu ámbito territorial.

A situación na que se atopa a Ponte da Rúa de Francos sobre o río Tinto, na parroquia de Calo do concello de Teo, incluída no Inventario de Pontes Históricas de Galicia co número C-50 e categoría II (interesante), que presenta deficiencias estruturais no estribo dereito no que se observa un afundimento e desencaixe da fábrica, incrementando nos últimos anos, fai necesaria esta actuación para paralizar o dano que se está producindo e evitar a súa ruína polo afundimento da bóveda, especialmente no caso de que o caudal do río aumentase de modo significativo nalgunha época do ano. Tamén se reparará o pavimento deteriorado dun tramo do acceso na beira esquerda que dificulta o acceso peonil.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que as obras de intervención previstas para a ponte da rúa de Francos impedirán que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural de galego. Por outra parte esta intervención está incluída no *Plan Estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural*, dentro do obxectivo operativo 2, medida 2.1.1.2 “Conservación das pontes históricas galegas”.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



Este convenio de colaboración non comporta obrigas financeiras, xa que estas xurdirán coa tramitación do expediente de licitación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asínase esta memoria en Santiago de Compostela

